



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E UN DE XUÑO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE D. ROGELIO LEMA MOUGÁN D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
Escusa asistencia	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día vinte e un de xuño de dous mil dezasete, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior (31/05/2017).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado trinta e un de maio que queda pendente para o próximo pleno ao non ser transcrita por encontrarse de baixa laboral o persoal responsable.

2º.- Acordo, se procede, sobre convenio de colaboración con Augas de Galicia para o financiamento da obra de saneamento nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase II. Vedra (A Coruña). Clave OH.315.118

Dáse conta da comunicación núm. 817/17 do Organismo Autónomo Augas de Galicia requirindo documentación para a actuación *Saneamento nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase II. Vedra (A Coruña). Clave OH.315.3118*, incluída no convenio de colaboración asinado con data 26 de xullo de 2016.

De acordo coa cláusula terceira do citado convenio, propónse:

1º.- Aprobar o proxecto denominado *Saneamento nas parroquias de San Mamede e Santa Cruz. Fase II. Vedra (A Coruña) de clave OH.315.3118*, cun orzamento de seiscentos noventa e sete mil sesenta e un euros con corenta e seis céntimos (#697.061,46#)

2º.- Solicitalle a Augas de Galicia o financiamento do 100% do custo das obras.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



- 3º.- Comprometerse á posta a disposición de Augas de Galicia , antes do inicio das obras, dos terreos necesarios , libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, ou de ser o caso, da tramitación do correspondente trámite de expropiación.
- 4º.- Comprometerse a recibir as obras, e como titular asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación.
- 5º.- Que se expoña ao público o citado proxecto durante 20 días hábiles.
- 6º.- Facultar ao Sr. Alcalde –Presidente para solicitar o financiamento.

O Pleno por unanimidade dos asistentes, acordan aprobar a citada proposta.

3º.- Acordo, se procede, sobre clasificación das proposicións presentadas polos licitadores para a adxudicación do contrato de servizos consistente na prestación das tarefas integradas no servizo de axuda no fogar (SAF), suxeito a regulación harmonizada, mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

Con data 30 de xaneiro o Pleno do Concello en sesión ordinaria aprobou o prego de cláusulas administrativas e condicións técnicas para a adxudicación do contrato de servizos, cuxo obxecto é a prestación das tarefas integradas no servizo de axuda no fogar tanto a persoas dependentes como a usuarios de libre concorrencia, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, suxeito a regulación harmonizada.

Con data 14 de abril remitiuse anuncio de licitación ao DOUE, publicándose así mesmo no BOE núm. 44/17, do 21 de febreiro, no BOP núm. 38/17, do 23 de febreiro e no Perfil do Contratante (www.concellodevedra), presentando en prazo proposta os seguintes licitadores: MARÍA JOSÉ VEIGA LÓPEZ; SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L; TRONCOSO CASARES, S.L; ATENDO CALIDADE, S.L ; EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A E CLECE, S.A

Unha vez cualificada a documentación administrativa foron admitidos os licitadores: SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L; TRONCOSO CASARES, S.L; ATENDO CALIDADE, S.L ; EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A E CLECE, S.A, non resultando admitida MARÍA JOSÉ VEIGA LÓPEZ por non acreditar suficientemente a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional.

Á vista da proposta da Mesa de Contratación, en función dos informes emitidos polo Comité de Expertos e outros, de acordo co establecido nos artigos 151.1 e 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) (BOE núm. 276/11, do 16 de novembro)

Proponse:

PRIMEIRO.- Clasificar as proposicións presentadas polos licitadores, atendendo á proposta levada a cabo pola Mesa de Contratación, de conformidade coa seguinte orde decrecente:

- 1.- ATENDO CALIDADE, S.L: 21,05 puntos



- 2.- SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.L: 20,45 puntos
- 3.- EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A: 19,53 puntos
- 4.- CLECE, S.A: 18,25 puntos
- 5.- TRONCOSO CASARES, S.L: 16,77 puntos

SEGUNDO.- Notificar e requirir a ATENDO CALIDADE, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que presente, no prazo de dez días a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do TRLCSP, así como a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP, e de constituír a garantía definitiva .

TERCEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local a adxudicación do citado contrato.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o seu grupo vaise abster. Considera que se cumpren as garantías no proceso e só esperan que a empresa cumpra o prometido.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, manifesta que as cláusulas e pregos desta licitación foron aprobadas nun pleno rocambolesco, no cal se votaron uns documentos aos que o seu grupo naquel momento, non tivo acceso e que motivou que se ausentaran do pleno. Di que se vai abster.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA afirma que se vai abster ao mesmo tempo que pregunta á Presidencia se sabe se o representante da CIG fixo entrega dalgunha documentación a estas empresas que quedara pendente.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por maioría absoluta con sete votos a favor do PP, e cinco abstencións de PSdG-PSOE, BNG-AA, e Roberto Castro Rocamonde (concelleiro non adscrito).

4º.- Acordo, se procede, sobre subscrición da *Declaración de Sevilla: el compromiso de las ciudades por la Economía Circular*, e asumir os pronunciamentos e compromisos que a mesma supón.

Visto o acordo unánime adoptado pola Xunta de Goberno da FEMP, o pasado 24 de marzo de 2017, no que se recomenda a difusión entre as Entidades Locais españolas da *Declaración de Sevilla: el compromiso de las Ciudades por la Economía Circular*, que supón o compromiso das Entidades Locais coa Declaración de París e coas esixencias derivadas do paquete de medidas de economía circular aprobado polo Parlamento Europeo, un cambio co modelo económico.

Proponse:

1º.- Subscribir a *Declaración de Sevilla: el compromiso de las Ciudades por la Economía Circular*, e asumir os pronunciamentos e compromisos que a mesma supón.

2º.- Trasladar certificación do presente acordo á Secretaría Xeral da FEMP.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Presidencia di que a Comisión Europea e o Parlamento Europeo aprobaron este paquete de iniciativas para construír e promover esa economía circular en Europa. Todos saben os problemas ambientais relacionados co clima e cos recursos, e que quen ten as solucións son os gobernos dos países, pero ten claro que os concellos se deben implicar. Trátase de promover un modelo de desenvolvemento rural sostible, inclusivo; reduci-los impactos ambientais, climáticos e sobre a saúde; por en valor as consecuencias positivas do cambio de modelo cara unha economía circular, desenvolver estratexias que favorezan o vertido cero, a reciclaxe, a redución dos desperdicios alimentarios; fomentar a reutilización e a compra pública de produtos verdes; mellorar a concienciación, sensibilización e participación da veciñanza.

A raíz da pregunta do Sr. Castro Rocamonde na comisión do outro día, é evidente que é unha declaración de intencións e que Vedra é un concello pequeno coas súas potencialidades e as súas posibilidades económicas e que ten outras prioridades económicas que atender; pero en base a esas circunstancias cre que se poden ir concretando, con humildade, actuacións que favorezan e vaian nese camiño. En calquera caso, unha parte importante da economía circular é a redución do CO₂ á atmosfera e o aforro enerxético. Como saben xa se está traballando en accións concretas como a instalación de caldeiras de biomasa polas de gasoil, a renovación da iluminación pública exterior para pasala a LED. Grazas a unha iniciativa súa xa se está coa redacción do plan de eficiencia enerxética; están tamén co fomento do uso dos composteiros; o programa de “luvas verdes”; o tema da reciclaxe do refugallo como na rotonda de Ponte Ulla; o servizo de recollida de voluminosos; a recollida selectiva; melloras de illamento en edificios públicos, etc.

Nas posibilidades que teña o concello continuaremos ese camiño. Agora trátase de apoiar unha declaración institucional, e pouco a pouco intentar adoptar medidas que favorezan esa economía circular; por iso pide o apoio do Pleno para a subscribir por unanimidade esta declaración.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE entende que se trata de asumir compromisos para avanzar no modelo económico de concello, de país, e o seu grupo vai votar a favor. Asumindo este compromiso deben incidir na reciclaxe e no consumo responsable e deben de promovelos dende as institucións. Espera que fagan un esforzo maior para a concienciación da veciñanza poñendo medios de fácil acceso para a correcta reciclaxe dos residuos, e traballar na implementación de enerxías renovables e sustentables que supoñen un alicerce fundamental para acceder aos compromisos que se subscriben.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, agradécelle que faga referencia á pregunta que lle trasladou na comisión, pero sorpréndelle que o portavoz do seu grupo na mesa a cualificara de que non tiña sentido neste asunto.

Está a favor da economía circular, e tanto é así que no programa político, hai un apartado referente á xestión do lixo no cal se aplican criterios e se perseguen obxectivos da economía circular, e sobre os que fixeron propostas.

Dá impresión de que a proposta que trae o grupo de goberno é simplemente unha declaración de intencións, xa que no programa político do PP non consta nada ao respecto da xestión do lixo segundo os criterios da economía circular. Son evidentes as súas prácticas e xestións diarias dende que gobernan totalmente contraria aos criterios e obxectivos da economía circular, como por exemplo regalar a xestión do punto limpo e adxudicándolla a unha empresa co cal xa non teñen ningunha maneira de artellar



ferramentas que vaian na vocación da economía circular de recuperar e reciclar os refugallos que chegan alí.

Non hai expectativas de que presenten unha alternativa á xestión que están facendo, que é simplemente desentenderse do lixo e enviálo a SOGAMA para queimar, o cal é unha xestión totalmente contraria aos principios da economía circular. Esperaba un cambio de criterio na xestión. O seu voto vai ser a favor.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA manifesta que desprezaron o plan de eficiencia enerxética no seu momento alegando temas técnicos dos que non tiñan nin idea. Obviamente o tempo deulle a razón ao seu grupo. Desprezaron tres mocións sobre a xestión da recollida do lixo na lexislatura pasada e nesta nas que lles facilitaban alternativas para a desconexión de SOGAMA, etcétera.

Di que recuperarán as mocións que presentaron ao longo destes seis anos para presentalas de novo e a ver se ao amparo deste documento lle dan para diante.

O Sr. Lema Mougán do PP dille ao concelleiro non adscrito Sr. Castro Rocamonde que non quere que terxiverse as súas palabras. Na comisión hai unha orde do día, non se pode ir a abrir novos puntos. Simplemente lle dixo que todas esas propostas non entraban na orde do día da comisión, que si entraba se se apoiaba ou non esa declaración. É un tema para posteriores reunións, comisións ou mocións.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que entende a súa postura ditatorial, na cal o seu grupo ten sete votos, entón as comisións non son necesarias se os puntos da orde do día non son discutibles, non hai intercambio de pareceres e non hai debate.

O Sr. Lema Mougán do PP replica que son sete votos que lles deu o pobo de Vedra.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que dende logo non os pon en dúbida; pero que teñan maioría non lles dá lugar a que non se poidan discutir e debater os asuntos. Dálle lugar a votar e utilízalos no voto.

A Presidencia di que cre que está terxiversando o tema co de ditatorial, porque se está debatendo, polo tanto aos feitos se remite. A postura do grupo de goberno é de diálogo; estarán ou non de acordo, pero é de diálogo. Vostedes sempre buscan o punto que lles interesa, esquecéndose do resto. Insisten no tema do punto limpo, algo que xa se explicou ben no pleno e que non procede nin entrar en debate. No tema da recollida do lixo, que é un debate moito máis amplo, poden falar do ideal; poden traer as mocións e presentalas outra vez, pero o debate vai ser exactamente o mesmo. Non ten nada que ver con subscribir este documento porque hai outras circunstancias que determinan as posturas dos concellos. Hai concellos onde goberna o seu grupo, algúns dende hai anos, que están vinculados a SOGAMA. Por algo será. Será porque é o sistema máis sostible neste momento.

Haberá actuacións que ao mellor non poden sacar adiante, estudaranse as que se poidan levar e as que non, non se levarán. Sempre pensando nos intereses da veciñanza. A economía circular son máis aspectos cós que vostedes sinalan. Intentarán facer o que lles permita a xestión dos servizos e a economía. No tema da xestión do lixo agora non hai nin había alternativa a SOGAMA, por moito que vostedes insistan. Concellos que



están en alternativas están tendo dificultades para a recollida do lixo debido aos excesivos custes económicos.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que dubida que lera a declaración polo que está dicindo. Parécelle moi forte dicir que esas mocións presentadas non teñen cabida nesta declaración. Retomarán as mocións e presentaranllas á veciñanza e eles decidirán se o seu é un efecto de cinismo ou non.

Sobre o tema dos concellos gobernados polo BNG-AA ou En Marea, etcétera, a el non se lle ocorre comparalo a vostede co Presidente da Deputación de Ourense.

A Presidencia replica que non lle di que as mocións non teñan cabida nesta declaración da economía circular. Di que se poden levar a cabo ou non por diversas circunstancias e resultalle difícil de cre que unha experiencia que vostedes propoñen aquí, que ninguén leva a cabo, poida ser factible neste concello.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Informe, se procede, sobre moción presentada por don Roberto Castro Rocamonde (concelleiro non adscrito) para mellorar a seguridade de ciclistas en Vedra

Dáse conta da moción presentada polo concelleiro non adscrito don Roberto Castro Rocamonde, na que expón que a presenza de ciclistas polas estradas do noso concello está a ser importante, polo que se fai necesario adoptar medidas que reduzan os riscos e melloren a súa seguridade, sinalando como medidas aplicables de xeito inmediato que sen dúbida repercutirán na mellora da súa seguridade a información e concienciación dos condutores -sobre todo- ciclistas e o mantemento axeitado das marxes das vías. Coa finalidade de executar estas medidas, solicita o apoio do Pleno para acadar o seguinte acordo:

1º.- Instar á Consellería de Infraestruturas e Vivenda (no que respecta á estrada AC241) e á Deputación da Coruña (no que respecta ás estradas DP8203, DP1202, CP9801 e CP8902) a que coloquen nas vías onde teñen as respectivas competencias , sinalización vertical, dos tipos que se detalla:



Así mesmo, reiterar a demanda no mantemento das beiras das vías ben rozadas e as marxes da calzada libres de pedras e grava.

2º.- Demandar ao Ministerio de Fomento que faga un mantemento axeitado da marxe da calzada, dado que hai tramos con acumulación de grava –N525 (Zona de San Pedro de Vilanova, principalmente)



3º.- Solicitar colaboración da Dirección Xeral de Tráfico para que imparta charlas informativas a condutores e ciclistas. Somos sabedores das dúbidas que xorden á hora de acometer certas manobras como os adiantamentos

4º.- Editar polo concello un folleto informativo, co asesoramento da Dirección Xeral de Tráfico e da Federación de Ciclismo, e envío xunto co Boletín informativo municipal.

5º.- Nas futuras obras de remodelación ou mellora de vías de titularidade municipal, aplicar solución que reduzan riscos para os ciclistas. Nas vías de titularidade doutras Administracións, instar a estas a aplicalas tamén.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que esta moción pretende aplicar de xeito inmediato unha serie de medidas que repercutan na mellora da seguridade dos ciclistas. Sinala que no concello concorren estradas de catro titularidades diferentes, co cal habería que instar ás administracións respectivas a que realizan estas medidas. Solicita o voto favorable.

A Presidencia contesta que van votar a favor, xa que lles parece unha proposta razoable e oxalá poidan ser inmediatas. Farán as peticións de xeito inmediato e insistirán nas mesmas. Di que nas de competencia municipal non poden facer moitas cousas, máis ca anchar ou que as cunetas poidan ser escapatorias e non moi fondas. En canto á sinalización, o concello pode sinalar ou determinar en que sitios se van colocar dunha forma máis ou menos inmediata, e que o levarán a cabo.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que votarán a favor, e pide que dende o concello se fagan labores de concienciación e sinalización.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.

6º.- Aprobación, se procede, sobre convenio de colaboración para a xestión do Programa Área Santiago.

Con data 8 de setembro de 2014 os concellos de A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Val do Dubra, Vedra e Vila de Cruces asinaron un convenio de colaboración que deu importantes froitos tanto nas actividades de promoción turística conxunta como no obxectivo da eficiencia na xestión dos recursos. Por esta razón os mesmos concellos e tres máis, Ames, Brión e Teo propoñen darlle continuidade a aquela experiencia, coa aprobación dun novo convenio que supón a súa integración no *Programa Área Santiago*, que comprende a realización de accións de promoción conxunta, baixo unha mesma marca, dun plan de traballo orientado á difusión da imaxe turística dos xeodestinos nos que se integran os territorios dos dezasete concellos.

O Sr. Costa Carneiro do PP di que se pretende adoptar un acordo para un novo convenio. A idea era renoval antes da súa finalización, pero diferentes circunstancias fixeron que se retarasara. Fíxose unha achega de cartos en base a uns criterios semellantes (poboación, orzamento, etcétera) e a Vedra correspondíanlle case mil euros. Sinala que a experiencia di que foi un convenio positivo para Vedra, xa que a achega económica é mínima e os beneficios que recibe son importantes, como a visibilidade que ten Vedra en diferentes foros (Fitur, etcétera), que por si só non podería acadar, polo que solicita o apoio.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que o seu grupo votará a favor.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que hai dous anos votaran a favor.

O concello de Lalín verteu unhas acusacións gravísimas sobre este convenio, e o seu grupo solicitou información sobre esas acusacións e non se lles contestou. Mentres non se aclaren esas acusacións o seu voto vai ser en contra.

O Sr. Costa Carneiro do PP di que independentemente do sentido do seu voto, o concello de Lalín fixo unhas notas de prensa onde dicía que abandonaba o Programa Area de Santiago. Cando comunicou iso, xa o convenio estaba rematado e a conta xustificativa presentada.

Cre que é un convenio beneficioso para Vedra, e que sinceramente se deberían estender a outras áreas porque hai moitos puntos en común entre os concellos e deberían estar por encima de cores políticas e gobernos.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA afirma que está de acordo co que di ao 100%, pero que mentres non sexa desmentida esa acusación non vai votar a favor.

Posta a votación a citada proposta, apróbase con dez votos a favor do PP e PSdG-PSOE, e dous votos en contra de BNG-AA e o concelleiro non adscrito.

7º.- Aprobación, se procede, sobre a moción de CCOO sobre a modificación nos Orzamentos Xerais do Estado 2017 a asignación destinada tanto para a loita contra a violencia de xénero, como en relación ás políticas de igualdade.

Declárase a urxencia deste punto para incluír na orde do día que é aprobada por unanimidade dos asistentes.

A Presidencia sinala que CCOO presentou unha moción que vén a dicir que se modifiquen os Orzamentos Xerais do Estado do 2017 para que a asignación para a loita contra a violencia de xénero e as políticas de igualdade aumenten os seus fondos para a mesma.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE sinala que o seu grupo vai votar a favor, xa que dende o 2010 a asignación baixou un 41,2%.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que o seu voto vai ser a favor e sinala que a violencia de xénero é causa da falta de igualdade. Ao mesmo tempo alégrase de que o goberno vote a favor destas propostas a trasladar a outras administracións. Desexa que o concello fixera os deberas mínimos, comezando por ese plan de igualdade municipal, que dadas as negativas deste goberno, viuse obrigado a acudir á Valedora do Pobo.

Posta a votación a citada proposta, apróbase por unanimidade dos asistentes.

8º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.



A Presidencia di que se adían ao pleno do mes de xullo, excepto a pregunta do Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA respecto a ceder a entrada do arquivo histórico de Vedra para usos da Igrexa.

A Presidencia di que está a falar do que se chama a “Casa da Fábrica”, que é propiedade do Arcebispado de Santiago. Buscou, preguntou, investigou e non hai ningún documento de cesión ao concello por parte de Palacio en relación á mesma e ao seu uso. Di que é certo que no goberno anterior se fixeron obras puntuais de acondicionamento dentro do Obradoiro de Emprego do ano 2008 e nas obras do Plan Zapatero 2009. En calquera caso, o feito de que a Igrexa garde nese espazo unha serie de elementos non afecta para nada ao proxecto do arquivo histórico municipal dentro doutro edificio, que si é municipal.

O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA di que teñen un serio conflito de legalidades. O primeiro é que iso está financiado polo Estado en gran parte e parécelle increíble que con cartos do Estado poidan realizarse unha inversión sen haber a unha cesión.

Accederon a un financiamento co compromiso de que iso ata o ano 2019 pertence ao que indique o concello, e por outra parte teñen unha propiedade. Quere isto dicir que iso podería derivar en que teñan que devolver os cartos e deberían solucionar o con urxencia. Fixeron unha actuación sobre unha propiedade privada sen ter dereito a ela. Por outro lado, os fondos que recibiron do Estado coa condición de que ata o 2019 tiña un uso determinado, rómpese co que está dicindo.

A Presidencia recórdalle que son obras dos anos 2008-2009, e eles entraron no goberno no ano 2011. Por outro lado, non sabe canto foi a inversión, pero a maior parte da mesma é no local que é municipal.

9º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE pregunta:

1º.- Este ano a Deputación sacou o PEL para Pymes, que é unha liña de axuda para contratación de persoal por un ano por parte das Pymes. Revisando a web municipal non atopou nada diso. Ten información da Deputación de que en Vedra houbo catro empresas que conseguiron esa axuda (Vedra Forestal, Droguería Ferretería El Sol, Rocío Couto Rendo e Vázquez Picanes, Francisco).

Publicouse na web do concello ou noutras canles de información municipais? Se non se fixo roga que esa información chegue a todos os veciños de Vedra.

2º.- Na Xunta de Goberno do 15/06/2017 hai un pago de 5266 € a Fernández Contreras Granitos S.A. por baldosa gris parda e lastra silvestre para beirarrúas municipais. Onde se colocou ese material?

--O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, presenta un escrito ao Sr. Secretario con documento adxunta e copia para o resto dos grupos políticos para a súa incorporación á acta e ao expediente do pleno, relativo ao traballo de organización dos fondos documentais do arquivo municipal de Vedra.

Di que hai un dato alarmante que son os 7851 € por un mes e cinco días de traballo. Aparentemente é un servizo normal, e os veciños preguntánselle por que, para que e que méritos ten para tal traballo.

Para este traballo contratouse en outubro de 2016 a unha persoa que ten un relación persoal estreita, aínda que non é cuestión a tratar aquí a vida privada dos concelleiros,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



co portavoz do grupo de goberno, don Rogelio Lema Mougán. Para este traballo solicitouse unha subvención á Consellería de Cultura e resulta que na solicitude de subvención, asinada polo concelleiro de cultura don Enrique Vázquez Martínez, hai un proxecto no que se detalla o traballo a executar, un orzamento para unha carga de traballo de tres meses e medio, unha xustificación e no último punto di: “para a realización deste proxecto contratarase a Celia Alegre Maceira, licenciada en Xeografía e Historia, con Master en Arquivística pola UNED e co Postgrao en Xestión da Información documental da Universidade Jaume I, con máis de 10 anos de experiencia na xestión de arquivos de titularidade autonómica, xúntase CV máis adiante”. É dicir, seis meses antes do procedemento de adxudicación do traballo, o concelleiro de cultura, xa propón quen vai ser a persoa que se vai contratar e adxunta o CV e describe os méritos. Este feito foi posto en coñecemento do Sr. Secretario.

A Presidencia dille ao Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, que concrete a súa exposición.

O Sr. Castro Rocamonde pregunta se os rogos e preguntas teñen unha extensión limitada ao que A Presidencia resposta que non, como xa demostraron neste tempo, pero non é cuestión de estar ata altas horas da madrugada.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, di que os plenos son públicos para que a veciñanza se informe do que se fala e debate nos mesmos, e que se as preguntas se descontextualizan ao mellor a veciñanza non sabe ben do que están a falar.

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, pregunta:

1º.- É certo que o concelleiro de cultura, don Enrique Vázquez Martínez, no mes de marzo, seis meses antes de iniciarse o procedemento deste contrato, achegou á solicitude subvención un proxecto no cal constaba o que acaba de ler?

2º.- Considera unha alteración do obxecto do contrato que é un traballo orzamentado e que o orzamento estaba xustifico en base a unha carga de traballo de tres meses e medio, se reduza en dous terzos e o orzamento se manteña e mesmo se incrementa?

3º.- Considera proporcional o importe do contrato e o servizo do traballo de 7.851 € por un mes e cinco días de traballo? A modificación da carga de traballo sen alterar o importe supón unha alteración da relación importe / traballo?

4º.- Respecto da Alcaldía que no seu día xustifico o procedemento definido como procedemento negociado sen publicidade, quere dicir que se piden tres ofertas a tres empresas (non a persoas ou despregados); xustifico ese procedemento no contrato en base á urxencia na execución. Resulta que, por motivos que gustaría que explicara e que á vista da documentación manifesto que é por imposibilidade legal de contratar coa administración da persoa seleccionada, por que se lle adiou o contrato ata 11 días?

O Sr. Castro Rocamonde, concelleiro non adscrito, refírelle ao Sr. Secretario dúas cuestións:

1ª.- Agradécelle a paciencia que tivo con el cos escritos, e di que isto chega ao pleno porque aos escritos que presentou no seu momento o Sr. Secretario contestoulle: “comunícolle que foron trasladados á Alcaldía para que ordene o que proceda, porque ademais de ser o órgano a quen se lle deben dirixir os escritos, dado o contido dos mesmos deberá ser a Alcaldía quen tome as determinacións pertinentes” (12 de abril)

A día de hoxe a Alcaldía non tomou as determinacións pertinentes, e esa é a razón que o obriga a traelo a pleno.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



2ª.- Pediríalle que custodiara o expediente, xa que nas sucesivas veces que viu o expediente, atopou que hai documentación que ou non vira no seu momento ou non estaba; e outros documentos que bota en falta. En concreto, respecto ao proxecto, na páxina sis que é a que contén a lectura que fixo antes. Solicita unha copia certificada do expediente.

--O Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA pregunta:

1º.- Respecto ao cruceiro de Lombao. Resulta que desapareceu patrimonio do concello, que abre unha vía penal para quen o fixera desaparecer. No seu momento solicitou que se lle dixera se existe algunha documentación que permita ou xustifique que ese cruceiro non estea alí por algún motivo ou fora roubado. No caso de roubo, solicitou que se presentara unha denuncia. A que están esperando?

Pregúntalle ao Sr. Secretario se non hai ningún mecanismo para obrigar ao grupo de goberno a tomar unha posición e para que faga unha denuncia dos feitos, que xa foi comunicada hai trinta días. Iso non é deixamento de funcións? Existe algunha figura xurídica que lle permita ao Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA que lles obrigue a tomar unha decisión sobre o caso?

2º.- Sobre a contratación dos traballos de catalogación do arquivo histórico do concello. Solicita o criterio de comprobación do traballo realizado para a recepción do mesmo e a formación da persoa que realizou a recepción do traballo contratado.

3º.- Sobre a modificación parcial do PXOM sobre o polígono industrial, solicita coñecer en que fase está a alegación que realizou. Parece ser que a Alcaldía levou a alegación que presentou o Sr. Pose Rodríguez do BNG-AA a unha reunión coa Asociación de empresarios que xestiona o tema do polígono industrial. É veraz esta información? De ser veraz, pregúntalle ao Sr. Secretario se iso non é unha vulneración da lexislación de protección de datos, igual ca cando ten que realizar unha consulta neste concello.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.